

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 29 DE XANEIRO DE 2013.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as dez horas e trint minutos do día vinte e nove de xaneiro do ano dous mil trece, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada polo **Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, foi presidida polo Sr. Miguel A. Español Otero** e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **Dª. Montserrat Magallanes Álvarez.**
- **Dª. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo González**
- **D. Antonio Lomba Baz**

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia Mª Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓNS ANTERIORES.-

O Sr. Presidente pregúntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesiós celebradas os pasados días 11 de decembro de 2012 e 10 de xaneiro de 2013, ó que responden negativamente os concelleiros presentes en cada unha delas polo que as referidas actas foron aprobadas, coa abstención do señor Español Otero na acta de 10 de xaneiro de 2013, por non estar presente na sesión.

PUNTO 2.- ACORDOS

Lese o escrito RE 360 de data 24 de xaneiro de 2013, presentado por D. SIMÓN UBEIRA ACUÑA, actuando en representación da Asociación Cultural e Xuvenil "A Velha na Horta", con enderezo na rúa Castelao, nº 2 de Salvaterra, solicitando autorización para dispoñer da Estación de Autobuses da Guarda o día 8 de febreiro de 2013 co fin de levar a cabo un concerto encadrado dentro das festas do Entroido. Asimesmo solicitan un palco e un punto de luz.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado dando traslado deste acordo ao departamento de Cultura e o funcionario encargado doe servizos e obras.

Lese o escrito RE 367 de data 24 de xaneiro de 2013, presentado por D. JAIRO LORENZO BAZ, con enderezo na rúa Puerto Rico, nº 58 de A Guarda, solicitando autorización para dispoñer da Estación de Autobuses da Guarda o día 4 de maio de 2013 co fin de levar a cabo un concerto. Asimesmo solicitan un palco-escenario.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado dando traslado deste acordo ao departamento de Cultura e o funcionario encargado doe servizos e obras.

Dase conta da proposta da Concellalía de Deportes para a actividade "ANDAINAS 2013" onde se determinan os seguintes prezos para participar nelas:

PRIMEIRA QUENDA			Adulto	Neno
1 ^a	9 marzo	Un paseo pola montaña de Oia	6	3
2 ^a	13 abril	Corno do Bico (Paredes de Coura)	9	5
3 ^a	4 maio	Visita guiada ao arquipélago das Ons (Bueu)	24	15
4 ^a	1 xuño	Sendeiro Pitões das Júnias – A Cela (Lobios)	11	5
5 ^a	22 xuño	Camiño de Santiago: A Guarda – Oia – A Guarda	De balde	
PRIMEIRO INGRESO ATA 14 DE FEBREIRO			50	28

SEGUNDA QUENDA			Adulto	Neno
6 ^a	14 Setem	Periurbano de Ourense	9	5
7 ^a	19 Outub	Ruta polos Chouzos do Suído (A Lama – Avión)	9	5
8 ^a	16 Novem	Sendeiro da Fraga do Barragán	9	5
SEGUNDO INGRESO ATA 9 DE SETEMBRO			27	15

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas cotas e dar traslado ao Departamento de Tesoureira.

Lese o escrito RE 384 de data 25 de xaneiro de 2013, presentado por D. BERNARDO BAZ PENA, con enderezo na rúa da Cal, nº 14- Bloque 1 - 4º A da

Guarda, solicitando unha revisión nos recibos de consumo de auga relativos ao 2º e 3º trimestre de 2012 por anomalías nas lecturas dos contadores.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado aos servizos económicos do Concello para que elaboren un informe ao respecto.

Lese o escrito RE 278 de data 18 de xaneiro de 2013 presentado por D. R.S.C., con enderezo na rúa de Brasilino Álvarez, nº 10-1º da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Brasilino Álvarez, nº 10-1º.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda denegar a súa solicitude posto que os ingresos obtidos da declaración da renda da unidade familiar superan, en cómputo anual, o salario mínimo interprofesional.

Dase conta do escrito RE 323 de data 22 de xaneiro de 2013, presentado por CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR no que informan sobre a praga do "picudo vermello" que afecta as palmeiras, sobre as precaucións que deben tomarse e sobre as actuación a levar a cabo no caso de padecela.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada e acorda dar traslado deste escrito á empresa contratada para o mantemento dos xardíns.

Dase conta da denuncia formulada ante a Policía Local da Guarda por Dna. Mª José Martínez Gómez e Dª. Josefa Rosalía Cadilla Rodríguez o día 17 de xaneiro de 2013, na que presentan queixas sobre o funcionamento da Discoteca Enjoy e solicitan a actuación do Concello para evitar as molestias que esta actividade lles está a causar aos veciños.

A Xunta de Goberno Local acorda dar instrucción precisas á Policía Local para que faga un seguimento desta actividade.

Lense os escritos RE 271 e RE 272 de data 17 de xaneiro de 2013, presentado por ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA LA PSORIASIS Y ARTRITIS REUMATOIDE; con enderezo na rúa Maruja Malló, nº 3-4ºB de Vigo, solicitando deste Concello un local para desenvolver as súas actividades e levar a cabo o seu proxecto, así como unha colaboración con esta asociación.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que non se dispón neste momento dun local axeitado ás súas pretensións.

Dase conta e se aproba o informe da Traballadora Social do Concello relativo a alta no Servizo de Axuda no Fogar de :

Nome	Horas a partir de 8 de xaneiro de 2013
V. D. V.	70 h/mensuais

Lese o escrito RE 327 de data 23 de xaneiro de 2013, presentado por DNA. CINTIA DOMÍNGUEZ LOPEZ, con enderezo na rúa República Dominicana, nº 50-2º da Guarda, solicitando que se lle emita un novo recibo corrixido de consumo de auga municipal relativo ao 3º trimestre de 2012, xa que houbo un erro na lectura.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da empresa encargada da lectura dos contadores, acorda que se emita un novo recibo respecto do 3º trimestre de 2012 dando traslado deste acordo a Xestión Tributaria e ao departamento de Tesoureiría municipal.

Dase conta do escrito RE 5.906 de data 18 de setembro de 2012, presentado por DNA. CARMEN ALVAREZ GONZÁLEZ; actuando en representación de 24 HORAS VENDING, S.L., con enderezo na rúa Alfonso Martinez Peniza, nº 6 da Guarda, solicitando ampliación de horario para a venda de alcohol no local do que dispón no baixo do número 1 da rúa Baiona.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico de data 1 de outubro de 2012 que di "O técnico que subscribe, a vista do exposto, entende que non se dan no local nin no contorno as actividades e situacións que xustifiquen un horario especial para a apertura máis alá do horario establecido na actualidade, nin entende que dita excepcionalidade, así como o espíritu da Lei permita ampliar o horario de venda de alcohol ata as 00:00 horas como solicita o interesado", acorda denegar a súa solicitude.

Dase conta do escrito presentado por D. MELITON GIRALDEZ FIGUEROA, ante a Policía Local da Guarda o día 2 de xaneiro de 2013, no que pon en coñecemento deste Concello os pequenos danos sufridos no local denominado "Kiosko Melody" como consecuencia das filtracións de auga procedentes da rúa ubicada na parte traseira do mesmo. Estas filtracións teñen a súa orixe nun burato que se ocasionou cando se instalou un guindastre para reparacións no CEIP Manuel Rodríguez Sinde.

Solicita a reparación da rúa para evitar máis filtracións así como a reparación dos danos causados.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se vai reparar con inmediatez xa que se estivo agardando a mellora das condicións meteorolóxicas, non sin antes pedirlle disculpas polos danos ocasionados.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 15 de xaneiro de 2013 comunicando o decreto dictado pola Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o 9 de xaneiro de 2013 no recurso de apelación nº 7106/11 entablado por Dna. Teresa González Portela contra a sentencia dictada o 2 de xuño de 2011 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 126/10 entablado por Dna. Teresa González Portela contra resolución da Alcaldía de 27 de xaneiro de 2010 desestimatoria do recurso de reposición entabaldo contra outra anterior, desestimatoria da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada contra o Concello da Guarda o 19 de xaneiro de 2009 por danos e perxizos como consecuencia dunha caída na rúa Manuel Rodríguez Sinde a causa do mal estado do enlouado da beirarrúa. Dito Decreto aproba a tasacion de costas a que foi condeada no recurso Dna. Teresa González Portela.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do decreto ditado pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o 9 de xaneiro de 2013 no recurso de apelación nº 7106/2011 polo que se aproban as costas procesais do mesmo na suma de 608,664€ a pagar por DNA. TERESA GONZÁLEZ PORTELA a favor do Concello da Guarda e acorda:

1. Iniciar o procedemento recaudatorio de dita suma contra a indicada señora, notificándolle ao efecto o acordo que se adopte xunto co decreto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
2. Dar traslado deste acordo e do decreto, así como o acuse de recibo, aos departamentos de intervención e tesoureira municipais a fin de que procedan á contabilización do crédito e a comprobar se o mesmo se ingresa no prazo voluntario concedido. No caso de que non fora ingresado en periodo voluntario remitírselle o expediente a Xestión Tributaria para que incoe expediente tendente ao cobro da débeda en vía de apremio se fora preciso.

Dase conta do escrito RE 209 de data 14 de xaneiro de 2013, remitido por AUGAS DE GALICIA, con enderezo na Praza de Camilo Diaz Baliño, nº 7 – 9 de Santiago de Compostela comunicando o arquivo do expediente de denuncia contra o Concello da Guarda en relación cun vertido de augas residuais ao terreo en A Longra (CLAVE: DH.D36.18423)

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 14 de data 3 de xaneiro de 2013, presentado por DNA. ALMUDENA BARBOSA AMEAL, con enderezo na rúa Vicente Sobrino, nº 7-baixo da Guarda, solicitando a emision dun recibo pola media ponderada do consumo de auga municipal respecto do 4º trimestre de 2012 xa que non foi posible aplicar dita media no 3º trimestre.

A Xunta de Goberno Local acorda que se emita un recibo pola media ponderada de consumo de auga respecto ao 4º trimestre de 2012.

Dase conta do escrito RE 162 de data 11 de xaneiro de 2013, presentado por D. ROGELIO FERNANDEZ FERNANDEZ, en calidade de Administrador Único da Mercantil "CANAL 50, S.L.", comunicando ao Concello o acordo da Xunta Xeral de Socios sobre o cambio de domicilio da sociedade a efectos de notificacións que pasa a ser Avda. de Galicia, nº 29-baixo da Guarda.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito RE 398 de data 25 de xaneiro de 2013, remitido por FISCALÍA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA - ÁREA DE VIGO, comunicando que van proceder ao arquivo do expediente de diligencias previas de investigación penal nº 27/2012 BIS sobre falsidade de documento público.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

PUNTO 3.- OBRAS MENORES

Asiste o funcionario do Concello D. Jose M^a Álvarez Álvarez

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do técnico municipal, co orzamento fixado por este e conforme ó que xa foron ingresados nas arcas do Concello os correspondentes impostos e taxas locais, pola unanimidade dos presentes, e sen prexuízo de terceiros, acordou acceder á realización da obra que se sinala, non podendo iniciarse as obras ata que o técnico municipal as inspeccione previamente, debendo avisa-lo solicitante ó Concello con antelación suficiente.

A D. BENEDICTO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, R.E. Nº. 22 DE DATA 3 DE XANEIRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CARRETERA PINTÁN-PROBA Nº. 67 DE A GUARDA-36789, PARA COLOCACIÓN DE RECERCADOS DE PEDRA ALVERO DE 2 CMS., NAS VENTÁS DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE CARRETERA PINTÁN-PROBA Nº. 67, EN SOLO NON URBANIZABLE COMÚN (ORDENANZA Nº. 8 DO P.X.O.U.).

A D. RODRIGO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, R.E. Nº. 59 DE DATA 7 DE XANEIRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE REPÚBLICA DOMINICANA Nº. 28 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA CHORREADO DE FACHADAS PRINCIPAL E POSTERIOR CON AUGA A PRESIÓN PARA POSTERIOR REVESTIMENTO CON MORTERO MONOCAPA NUNHA SUPERFICIE DE 498 M²., DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE REPÚBLICA DOMINICANA Nº. 28, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

A D. JUAN ALONSO RODRÍGUEZ, R.E. Nº. 97 DE DATA 9 DE XANEIRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE SALGUEIRO Nº. 38 DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 28,00 M². CONSISTENTE EN RETIRAR A TELLA PARA POSTERIOR COLOCACIÓN DE URALITA SOBRE ESTRUCTURA DE MADEIRA EXISTENTE E CUBRICIÓN COA MESMA TELLA, DA VIVENDA SITA NA RÚA DE 3º TRV. OUTEIRO Nº. 16, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE CAMPOSANCOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A D. LUIS AGUSTIN BRAGA GONZÁLEZ, R.E. Nº. 7.726 DE DATA 11 DE DESEMBER DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE PASEO DE PORTUGAL Nº. 124 DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA IMPERMEABILIZACIÓN DE FACHADA LATERAL CONSISTENTE EN COLOCACIÓN DE RASTRELES CON CHAPAS DE FIBROCEMENTO MINIONDA DE COR CREMA CON SOLAPA SUPERIOR E VENTILADAS DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE PASEO DE PORTUGAL Nº. 124, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "O PASAXE" DA PARROQUIA DE CAMPOSANCOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

A D^a. SANDRA GONZÁLEZ LOMBA, R.E. Nº. 7.719 DE DATA 11 DE DESEMBER DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE VICENTE SOBRINO Nº. 30 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL CONSISTENTE EN PINTADO DE TEITO E PAREDES, PICADO DE ALICATADO E SOLADO DO BAÑO PARA POSTERIOR COLOCACIÓN DE AZULEXOS NUNHA SUPERFICIE DE 14,00 M². E COLOCACIÓN DE PLAQUETA NO PISO NUNHA SUPERFICIE DE 2,00 M²., SITO NA RÚA DE VICENTE SOBRINO Nº. 30-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

A D. JOSÉ MARÍA LOMBA BAZ, R.E. Nº. 7.918 DE DATA 21 DE DESEMBER DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE AGUSTIN NANDIN LOMBA

(PORTAL 3-2º D) DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA PICADO DE ALICATADO DE BAÑO, COCIÑA E ASEO, PARA POSTERIOR LUCIDO DE PAREDES E COLOCACIÓN DE AZULEXOS NUNHA SUPERFICIE DE 52,00 M². DO PISO SITO NA RÚA DE AGUSTIN NANDIN LOMBA (PORTAL 3-2º D), EN SOLO URBANO (ORDENANZA nº. 5 DO P.X.O.U.).

PUNTO 4.- LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA

LESE O ESCRITO PRESENTADO POR D. NICOLÁS DOMÍNGUEZ PÉREZ, R.E. Nº. 165 DE DATA 12 DE XANEIRO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CARRETERA CAMPOSANCOS Nº. 74 DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA Á LICENCIA Nº. 124/2009 OUTORGADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN DE DATA 26-08-2009, PARA A "LEGALIZACIÓN DA PLANTA PRIMEIRA", DA VIVENDA UNIFAMILIAR DESARROLLADA EN (PLANTA BAIXA) SITA NA RÚA DE BRANDIÁN, S/N.- PARCELA Nº. 4, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CAMPOSANCOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA, A VISTA DOS INFORMES TÉCNICO E XURÍDICO, APPROBAR A LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA E CONCEDER LICENCIA AS OBRAS SOLICITADAS.

PUNTO 5.- PROXECTO DE EXECUCIÓN

Lese o escrito RE 50 de data 4 de xaneiro de 2013, presentado por M^a DEL CARMEN VIDEIRA CASTRO, con enderezo na rúa Oliva, nº 84 da Guarda, solicitando a aprobación do proxecto de execución de demolición parcial do edificio (baleirado interior) sito na rúa Puerto Rico, nº 28 que conta con licencia municipal de obras nº 110/2012 para Rehabilitación integral de vivenda unifamiliar.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do arquitecto municipal de data 23 de xaneiro de 2013, acorda acceder ó solicitado.

PUNTO 6.- LICENCIA DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licencia municipal promovida por D. VENANCIO FERNANDEZ RODRÍGUEZ (RE 7.803 de 17/12/2012) para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE PRODUCTOS ALIMENTICIOS MENOS DE 120 M² (Epíg. 647.2) situado na rúa de Pacífico Rodríguez, nº 11-baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a D. VENANCIO FERNANDEZ RODRÍGUEZ licencia municipal nº 1/2013 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE PRODUCTOS ALIMENTICIOS MENOS DE 150 M² (Epíg. 647.) situado na rúa de Pacífico Rodríguez, nº 11 – baxio (SENDEIRO VERDE).

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licencia municipal promovida por FRENCH CAN-CAN, C.B. (RE 7.426 de 26/11/2012) para a apertura dun local dedicado ás actividades de COMERCIO MENOR DE SEMILLAS, ABONOS, FLORES E PLANTAS (Epíg. 659.7) e COMERCIO MENOR PRODUCTOS ALIMENTICIOS E BEBIDAS1 (Epíg. 647.1) situado na rúa Manuel Álvarez, nº 12-baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a FRENCH CAN-CAN, C.B.:

- licencia municipal nº 2/2013 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE SEMILLAS, ABONOS, FLORES E PLANTAS (Epíg. 659.7) situado na Manuel Álvarez, nº 12-baixo da Guarda.
- licencia municipal nº 3/2013 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE PRODUCTOS ALIMENTICIOS E BEBIDAS (Epíg. 647.1) situado na rúa Manuel Álvarez, nº 12-baixo da Guarda.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licencia municipal promovida por D. JESUS GONZÁLEZ LAGO (RE 7.520 de 29/11/2012) para a apertura dun local dedicado ás actividades de COMERCIO MAIOR DE APARATOS ELECTRODOMESTICOS (Epíg. 615.3) e

REPARACIÓN OUTROS BENS CONSUMO NCOP (Epíg. 691.9) situado na rúa Bernardo Alonso, nº 1-baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a D. JESÚS GONZÁLEZ LAGO:

- licencia municipal nº 4/2013 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR APARATOS ELECTRODOMÉSTICOS (Epíg. 615.3) situado na rúa Bernardo Alonso, nº 1-baixo da Guarda (ROCUNDI).
- licencia municipal nº 5/2013 para a apertura dun local dedicado á actividade de REPARACION OUTROS BENS CONSUMO NCOP (Epíg. 691.9) situado na rúa Bernardo Alonso, nº 1-baixo-baixo da Guarda (GONZALAGO).

PUNTO 7.- CAMBIO TITULARIDADE DE LICENCIA DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licencia municipal promovida por ALVAREZ GONZÁLEZ, C.B. (RE 7.374 de 22.11.2012), para o local dedicado a actividade de OUTROS CAFÉS E BARES (Epig. 673.2) sito na rúa Ignacio Sobrino, nº 2-baixo que antes figuraba a nome de D. Ricardo Martínez Trigo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA :

Conceder a ALVAREZ GONZÁLEZ, C.B. cambio de titularidade na licencia municipal que antes figuraba a nome de D. Ricardo Martínez Trigo para o local dedicado a actividade de CAFÉ - BAR (Epig. 673.2) sito na rúa de Ignacio Sobrino, nº -baixo de A Guarda.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licencia municipal promovida por O EIDO DE GOIAN, C.B. (RE 7.679 de 07.12.2012), para o local dedicado a actividade de CAFÉ BAR (Epig. 673.2) sito na rúa Manuel Álvarez, nº 1-baixo que antes figuraba a nome de Brétema, C.B..

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA :

Conceder a O EIDO DE GOIAN, C.B. cambio de titularidade na licencia municipal que antes figuraba a nome de Brétema, C.B. para o local dedicado a actividade de CAFÉ - BAR (Epig. 673.2) sito na rúa de Manuel Alvarez, nº 1- baixo de A Guarda.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licencia municipal promovida por D. JUAN ORDAZ MARTINEZ (RE 7.529 de 29.11.2012), para o local dedicado a actividade de CAFÉ BAR (Epig. 673.2) sito na rúa Baiona, nº 5 (Bloque 3) que antes figuraba a nome de Dna. Ana Isabel Álvarez García.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA :

Conceder a D. JUAN ORDAZ MARTINEZ cambio de titularidade na licencia municipal que antes figuraba a nome de Dña. Ana Isabel Álvarez García para o local dedicado a actividade de CAFÉ - BAR (Epig. 673.2) sito na rúa de Baiona, nº 5 (Bloque 3) de A Guarda.

PUNTO 8.- CADUCIDADE DE LICENCIA

Dase conta do expediente de declaración de caducidade da licencia de obras maiores nº 5/2007 outorgada por Xunta de Goberno Local de data 9 de febreiro de 2007:

ANTECEDENTES

- A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 09.02.2007 outorgou licencia municipal de obras maiores a DOMUS GAUDA, S.L. para construción de "vivenda unifamiliar" composta de (planta baixa e planta primeira), sita na rúa de Rosentes, s/n., en solo non urbanizable de núcleo rural de "Rosentes" da parroquia de Salcidos (ordenanza nº. 9 do P.X.O.U.).
- Con data 14.06.2010 DOMUS GAUDA, S.L. solicita prórroga da licencia de obras antedita.
- A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 10.11.2011 acordou denegar a prórroga de obras solicitada.
- Con data 11.12.2012 a Xunta de Goberno Local acordou:
 1. Iniciar procedemento de declaración de caducidade da licencia urbanística 5/2007, outorgada a DOMUS GAUDA, S.L. mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de febreiro de 2007 por superar os prazos de

interrupción e execución das obras. Asimesmo ordénase como medida provisional a paralización dos actos amparados pola citada licenza.

2. Conceder trámite de audiencia ao interesado a fin de que no prazo de quince días poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes.
- Transcurrido o prazo sinalado non se presentou ningún tipo de alegación á resolución anterior.

CONSIDERACIÓNIS LEGAIS

A) Segundo a Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística de Galicia, no seu art. 197

1. No acto de outorgamento da licenza determinaranse os prazos de caducidade das licenzas de edificación por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas. No seu defecto, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.
3. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

B) Conforme establece o art. 203.4 da lei 9/2002, unha vez resolta a caducidade da licenza de obras outorgada, o alcalde ou a autoridade competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo poderán ordenar en calquera momento a demolición ou eliminación das obras, construcións, edificacións ou instalacións inacabadas ou inadecuadas ó medio rural ó abeiro dunha licencia que fose declarada caducada, sen que isto produza dereito a obter indemnización.

Á vista destes antecedentes a Xunta de Goberno Local ACORDA:

- 1.- Declarar a caducidade da licencia de obras maiores nº 5/2007 outorgada a DOMUS GAUDA, S.L. por superar os prazos de interrupción e execución das obras.
- 2.- Notificar este acordo a DOMUS GAUDA, S.L., a D^a. M^a del Carmen Viniegra Garcés e ao departamento de Urbanismo.

Sendo as doce horas e corenta e cinco minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.